

Un mundo en movemento

Nos 300m que tes que andar para chegar aos Pasos de Lourido, viaxás por unha das vías máis transitadas de Covelo. Pero xa non pola xente. A maioría do tránsito que pasa por aquí é de animais. Centos de especies distintas que se aproveitan da acubillo que lles dá o bosque das ribeiras do río para moverse sen medo e sen perigo dun sitio para outro.


Van augas arriba e augas abaixo, pola auga, polo aire e pola terra.

Polas beiras animais grandes e pequenos móvense entre as plantas do bosque para non seren detectados. Por exemplo, as lontras, que patrullan decenas de quilómetros de río na busca de peixes; ou os sapos, que se alongan da auga para invernar debaixo da terra. Busca as pegadas do xabaril, que corre por aquí nas súas aventuras nocturnas.



Polo aire pasan as garzas, soben até aquí dende o Miño porque saben que hai boas troitas no Tea. Voan enriba da auga, entre as árbores, para sentirse protexidas. As lavandeiras fan o mesmo, pero voan más baixo, anicándolle as moscas más preto da auga. E hai un mundo de insectos tamén facendo as súas migracións polo aire, como as libélulas e efémeras que voan enriba para desovar porque saben que a corrente traerá os ovos e as larvas augas abaixo de novo.

O río Tea nace na serra do Suído, no concello de Covelo, e desemboca no Baixo Miño, no concello de Salvaterra de Miño. É un dos ríos mellor conservados do sur de Galicia. Xunto con algúns dos seus afluentes, está protexida a escala da Unión Europea, e forma parte da Rede Natura 2000.



O río Tea sostén unha das comunidades de peixes más diversas de Galicia, debido en parte á súa accesibilidade até os tramos altos para especies migratorias como a anguía, a lamprea, o reo e o salmón atlántico.

Augas limpas, beiras naturais e máis de 350 especies de plantas de ribeira crean o hábitat idóneo para moitos invertebrados, anfibios, mamíferos e aves ligados ao medio acuático, incluíndo rarezas como o auganeiro e endemismos como a píntega rabilonga.

O bosque de ribeira, dominado polo amieiro e o salgueiro, é máis ou menos continuo e permite o funcionamento do río como gran corredor ecolóxico que conecta a serra do Suído co Baixo Miño e permite o movemento de animais, dende a lontra e o xabaril até o ouriolo e o picapeixe, por todo o seu curso.